



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Ref. Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

**PARA TRATAR POR URXENCIA COMISIÓN INFORMATIVA DE
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS**

19/02/19

**PROPOSTA AO PLENO: SOLICITUDE DE CONCESIÓN DO NOME
DUNHA RÚA EN PALMEIRA E COLOCACIÓN DUNHA FIGURA
ALEGÓRICA EN DITO ESPAZO PÚBLICO EN LEMBRANZA DE
PLÁCIDO BETANZOS GARCÍA.**

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dun ditame da **COMISIÓN INFORMATIVA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS** de data 19 de febreiro de 2019 do seguinte tenor literal segundo proposta da Comisión Na Memoria de Plácido Betanzos García de data 18 de febreiro de 2019 do seguinte tenor literal:

“Os Concellos en uso das súas atribucións poden poner nomes de veciños a rúas ou prazas dos mesmos, en recoñecemento aos méritos e valores amosados ao longo da súa vida tanto profesional como privada, e como premio á súa traxectoria cultural, social, laboral, etc.

Plácido Betanzos representa a honestidade, o talante aberto, a tolerancia, a cordialidade, a empatía e o diálogo sen límites, valores que marcan a súa acreditada e acrisolada taxectoria vital como político, escritor e profesor.

Como político, comezou sendo Portavoz do Grupo Municipal do BNG, único representante de dita formación política naquel momento (1992), e finalizou deixando o BNG como primeiro partido da oposición (2002). Pero non son os seus resultados electorais o único destacable desta etapa, senón a maneira en que exerceu a política: sen traizoarse nas súas ideas, pero cunha actitude de diálogo sempre por diante.

Amosábase duro nos debates e de abrazo sincero cos seus adversarios, como poden testemuñar moitos dos seus compañeiros dos grupos municipais que actualmente continúan no Concello.

Nunha época na que os debates en política se dirixían máis á destrución do adversario ca á confrontación de ideas ou posturas políticas, manifestou un gran talento para separar a confrontación política das



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

relación Sociais. Tiña tal capacidade de diálogo que xamais permitiu que no seu corpo entrase nin un ápice do virus da animadversión ou rancor.

Cría no que facía, e comprometíase para alcanzar a credibilidade nas súas propostas.

O respecto polo discrepante, a afabilidade coas persoas de ideas diferentes e a capacidade de loita eran os seus sinais de identidade. Próximo, humilde, Plácido era unha desas persoas que soubo gañar o afecto de todos aqueles/as cos que tratou, como corroboran os seguintes testemuños:

....Nacionalista por convicción, mantívose sempre ao carón do BNG, aínda que a súa lealdade era cara aos veciños e "soubo defender as súas ideas con respecto aos que pensaban de forma distinta", sinalaba a xornalista A. Gerpe.

Xosé Deira, compañeiro de partido e de vida, dí del: "Non, Plácido, non fuches un político mediocre, como humildemente dicías, fuches unha boa persoa e un gran político, do que todos aprendemos".

.."Á política facíanlle falta persoas coma ti, capaces de deixar as discrepancias nos foros de debate, de non personalizar, de pór os intereses xerais por riba... pero eu xa che advertía que xente coma tñ non tiña futuro nos cargos públicos, porque lealdade, honradez, sentido común, educación, respecto e, sobre todo, humanidade, son inconcibibles..." dicía nun escrito Moncho Ares.

Son numerosas as declaración de distintas persoas en actos públicos como recoñecemento á traxectoria vital de Plácido Así, José Alberto Fernández, Maxistrado da Audiencia Nacional e amigo persoal, sinalaba a falta que deixaba no seu pobo a desaparición de Plácido.."Este ano non figurará a aportación habitual, sentida e ben construída do amigo de todos, sen inimigos, sen sectarismo, que alegra a vida co xesto amable..."

O seu compromiso coas inxustizas reflíctese tamén na súa faceta de escritor Así, na súa derradeira novela, "Bágoas na chuva", dicía, en relación á violencia de xénero: "É un tema moi duro. Está escrito cunha dureza importante, porque desgraciadamente é un fracaso social de todos, un fracaso de toda a sociedade, que haxa mulleres que estean sufrindo tanto, ninguneadas, machucadas dentro da casa e que se vexan sempre nunha situación insostible..".

"Hai grandes obras da literatura universal que se len por obriga.. E despois atopas traballos humildes que non saen á procura de gloria,



CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

senón para facer algo, servir de denuncia e reflexión para arranxar este mundo imperfecto” X. Noal.

E con gran humildade Plácido engadía: “ Eu non son intelectual, eu son un home do común que quita cousas de dentro e que as bota fóra, porque últimamente o das mulleres é algo que me doe moito”.

Na Feira do Libro de Ribeira deste ano houbo un recordo explícito en forma de homenaxe para a súa obra e a súa persoa. Enmárcase aí estas declaracións de Xesús Laíño, compañeiro de traballo, e membro destacado da Asociación Cultural Barbantia:... “Todos estivemos satisfeitos de compartir tamén un treito de vida con el, da vida profesional, de aprender cousas, de discutir, de charlar e de ver a boa xente que era.Ecuménico”.

O Grupo de Teatro Municipal de Ribeira vai dedicarlle a súa función Cousas de Castela: “ A un grande e mellor persoa, Plácido Betanzos, porque como compañeiros de vaixe que somos, sempre estarás ao noso carón, e máis aínda cando o teu talento sempre foi motor para seguir adiante esta aventura teatral”

Como profesor viviu as grandes transformacións educativas e soubo sempre adaptarse para transmitir ao seu alumnado non só coñecementos, senón tamén compromisos nas súas actitudes ante a vida. Defensor da formación como motor da igualdade de oportunidades na que a orixe social ou a riqueza ceden paso ás capacidades persoais, a súa docencia non remataba na aula, como demostra a súa permanente disposición ao diálogo cos seus alumnos/as.

Obtivo o seu recoñecemento e o dos profesores no seu centro de ensino, IES LELIADOURA, onde lle outorgaron o seu nome a unha aula de tecnoloxía.

“Ao noso querido amigo e Profesor, que non só impartía clases, senón leccións de vida e amor”, dicía no acto de descubrimento dunha placa co seu nome a alumna Iria Gude, ao tempo que o seu director sublimaba...”Non lembro unha solicitude que se aceptara con tanto agrado e mesmo os docentes a asinaron”.

“Xa non podemos camiñar con él, máis o Plácido sempre estará presente. Nas nosas bagullas tamén sabemos que un home así via facer parte das nosas vidas para sempre”, Carlos Callón.

Foi, xa que logo, Político, Escritor e Profesor, pero, sobre todo, unha persoa HONESTA, BOA E XENEROSA.

Abrazou a vida con alegría, con entusiasmo, con entereza, e despediuse dela con dignidade.

Por todo isto, por ser un home do pobo e para o pobo, esta comisión, cuxa relación nominal figura neste escrito, expón á consideración do Sr. Alcalde e de todos os grupos municipais os méritos e valores desta persoa, veciño deste Concello, e solicita que sexa levada ao Pleno Municipal esta iniciativa, para que coa súa aprobación se lle conceda o nome dunha rúa en Palmeira, coa denominación "Paseo Marítimo Plácido Betanzos", así como a colocación dunha figura alegórica en dito espazo público, segundo o plano que se adxunta.

Asdo. Carmen García García.

Voceira da Comisión Na Memoria de Plácido Betanzos García."